



ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA DE LIXO

PUBLICACIÓN

✓ BOPPO 24 novembro 1999, nº 226 [páx. 16]

MODIFICACIÓN

C BOPPO 12 febreiro 2008, nº 30 [páx. 58], se modifica o CADRO DE TARIFAS E AS EXENCIÓNS

ARTIGO 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por recollida de lixo que se rexera pola presente Ordenanza Fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito imponible da Taxa a prestación do servizo, da recepción obrigatoria, de recollida de lixo domiciliarias e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos.
2. A tal efecto, considerase lixo domiciliario e residuos sólidos os restos e desperdicios de alimentación o detritus procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas e se exclúen de tal concepto os residuos de tipo industrial, escombros de obras, detritus humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou, cuxa recollida ou vertido esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.
3. Tódolos residuos exceptuados serán obxecto de posterior regulación.

ARTIGO 3.- SUXEITOS PASIVOS

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais ubicados nos lugares, prazas, calles ou vías públicas en que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufrutuario, habitacionista, arrendatario, ou incluso de precario.



2. Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios de aquelas, beneficiarios do servizo.

ARTIGO 4.- RESPONSABLES

1. Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5.- EXENCIÓNS - BENEFICIOS FISCAIS

Os xubilados, pensionistas e demais persoas que convivan a expensas doutro gozarán da exención desta taxa cando os ingresos da unidade familiar por todos os conceptos sexan inferiores o salario mínimo interprofesional.

Esta exención será concedida polo Concello a petición do interesado, acompañado dos seguintes documentos:

- D.N.I.
- Certificados de ingresos de tódolos membros da unidade familiar (fotocopia compulsada da declaración da Renda, nómina, certificados de pensións, etc...).
- Informe de convivencia.
- A demais documentación que sexa requirida para o informe social.

Tódolos expedientes de exencións serán tramitados polo Departamento de Servizos Sociais e resoltos pola Comisión de Goberno. No caso de que a resolución sexa favorable, o interesado queda excluído do pago da taxa da recollida do lixo durante o exercicio económico no que cursa a solicitude, podendo ser prorrogada dita exención en vindeiros anos, se a situación económica familiar non trocara o que deberá acreditar o interesado documentalmente mediante declaración xurada.

ARTIGO 6.- COTA TRIBUTARIA

A cota desta Taxa será a que figura no anexo desta Ordenanza.

ARTIGO 7.- DEVENGO



1. Se devenga a Taxa e nace a obrigaón de contribuír dende o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza da recepción obrigatoria do mesmo, cando este establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de lixo domiciliario nas rúas ou lugares onde figuren as vivendas ou locais utilizados polos contribuíntes suxeitos a Taxa.
2. Establecido e en funcionamento do referido servizo, as cotas se devengarán o primeiro día do período que sinala a tarifa da Taxa, e no seu caso, na fecha que se realice o feito imponible.

ARTIGO 8.- DECLARACIÓN E LIQUIDACIÓN

1. A Taxa se liquidará cando se presente a solicitude de alta no padrón correspondente.
2. Si se utiliza o servizo sen mediar solicitude se dará de alta de oficio no padrón, se liquidará e notificará a mesma ós interesados sen prexuízo da apertura do correspondente expediente sancionador por infracción tributaria.
3. Unha vez producida a alta no correspondente padrón a liquidación desta Taxa se acomodará o procedemento previsto para os valores recibo (padrón, censo, matrícula, etc.)

ARTIGO 9.- INGRESO

1. As cotas desta Taxa se liquidarán e esixirán no momento de presentar a correspondente solicitude polos períodos non declarados, producíndose a alta no correspondente Padrón.
2. Unha vez producida a alta, a Taxa se exaccionará por padrón esixíndose o importe da mesma no prazo que sinale a tarifa da Taxa, ou ben o que determine o Alcalde Presidente ou a Comisión de Goberno, nos prazos previstos no artigo 20 do R.G. de Recadación ou no que sinale a Alcaldía-Presidencia.
3. O ingreso efectuarase na Depositaría Municipal ou no lugar que determine o Alcalde Presidente ou Comisión de Goberno.

ARTIGO 10.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN



No relativo a cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase o disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

PRIMEIRA.- DECLARACIÓN DE ALTA

Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de alta nos censos ou padróns da Taxa e surtirá efectos tributarios no mesmo momento de presentarse a declaración podendo prorratearse, se é o caso, por meses.

SEGUNDA.- DECLARACIÓN DE BAIXA

Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da Taxa e surtirá efectos no período natural seguinte o de presentación da mesma podendo, se é o caso prorratearse por meses.

ANEXO I

CADRO DE TARIFAS	EUROS o ano
Por vivenda	42,00 €
Por establecementos, cafeterías, bares, bodegas, estacións de servizo e similares	90,00 €
Por outros establecementos comerciais e pequenas industrias artesanais	42,00 €
Por restaurantes 100 m2 de comedor	150,00 €
Por restaurantes de máis de 100 m2, ata 200 m2 de comedor	250,00 €
Por restaurantes de máis de 200 m2	800,00 €
Establecementos hoteleiros de menos de 10 habitacións	200,00 €
Establecementos hoteleiros de máis de 10 habitacións	200,00 € + 10,00 € (por habitación)
Entidades bancarias	900,00 €
Cámping e grandes industrias	901,00 €

En Oia, a 10 de novembro de 1999.-

O Alcalde, ilexible.